



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

MOCIÓN SOBRE A ILEGALIDADE DA VIXENCIA DE CERTOS CONTRATOS ASINADOS POLA ALCALDÍA E SOBRE AS MODIFICACIÓNS DAS CONDICIÓNS INICIAIS

O 2 de maio do ano 2000 o Concello de Teo contrata por un ano, con carácter prorrogable, un servizo de asistencia xurídica mediante o tipo de contratación previsto no artigo 197.2b da lei de Contratos das Administracións públicas, segundo se especifica no expediente, que corresponde aos contratos de consultoría e asistencia. Afirmase que a contratación á Alcaldía conforme ao artigo 21ñ da LBRL modificada por lei 11/99. Sen entrar a discutir a competencia para a contratación (aínda que o BNG non coincide coa argumentación xurídica que outorga esta competencia de contratación á Alcaldía), o resultado é a contratación de D. Enrique Herrero de Padura e outros como Asistente Xurídico do concello de Teo por un importe líquido a percibir de 117.600 ptas mensuais.

Nestas mesmas datas o Concello de Teo contrata un servizo de asesoría ou asistencia Xurídico-urbanística, coa mesma empresa e por un importe económico similar. Os argumentos xurídicos da legalidade e competencia da contratación son os mesmos que para o caso anterior.

Estes citados son os únicos contratos asinados entre as partes, pois foron os presentados ao BNG cando en novembro do 2004 solicitou a consulta do expediente de contratación (pliego de condicións, proceso de selección e contratación,...), de D. José Enrique Herrero de Padura. A única variación significativa foi que en decembro do ano 2000 o concello aceptou que D. José Enrique Herrero prestara persoalmente estes dous servizos contratados, tras separarse da sociedade que tiña con outros e aos que, conxuntamente, lles fora concedido o contrato.

Pois ben, a Ley 53/1999, que modifica a Ley 13/1995, de Contratos das Administracións Públicas (vixente no momento en que se asinan estes contratos, establece:

Artículo 199. Duración.

1. Los contratos de consultoría y asistencia y los de servicios no podrán tener un plazo de vigencia superior a dos años con las condiciones y límites establecidos en las respectivas normas presupuestarias de las Administraciones públicas, si bien podrá preverse en el mismo contrato su modificación y su prórroga por mutuo acuerdo de las partes antes de la

finalización de aquél, sin que la duración total del contrato, incluidas las prórrogas, pueda exceder de cuatro años, ni éstas puedan ser concertadas, aislada o conjuntamente, por un plazo superior al fijado originariamente.

Consecuentemente, a Alcaldía do Concello de Teo, pese ás críticas que o BNG fixo en repetidas ocasións aos mecanismos de contratación (e moi especialmente á contratación desta persoa), non só renovou a vixencia do contrato repetidamente, senón que o mantivo e o prorrogou en condicións de manifesta ilegalidade (polo menos a partir de maio de 2004)

Non é obxecto desta moción entrar a valorar a competencia ou incompetencia das persoas contratadas, pero é ridículo que un profesional contratado polo Concello como Asistente Xurídico nin sequera sexa capaz de asesorar sobre a ilegalidade do seu propio contrato a partir de maio de 2004.

Por desgracia, este non é o único caso. Pode citarse, por exemplo, o contrato con Deportegestion SL, con data de inicio o 14 de xaneiro do ano 2000, asinado entre as partes para cubrir inicialmente entre 15 e 40 horas semanais nas Escolas Deportivas Municipais (cun custe máximo, por tanto, dunhas 320.000 por mes, como tope ou, o que é o mesmo, menos de 4 millóns de ptas por ano aínda que houbera escolas deportivas todo o ano).

En novembro do ano 2004 o Grupo Municipal do BNG solicitou a consulta "do expediente de contratación (pliego de condicións, características das actividades contratadas, proceso de selección e contratación,...), da empresa DEPORTEGESTION SL", sendo este citado o único contrato asinado entre o Concello e a Empresa.

Curiosamente, só no ano 2003, Deporteestión SL recibiu 50.152,60 euros (máis de 8 millóns de ptas), que por suposto non coinciden coas condicións do contrato. Por certo, os servicios prestados por esta empresa a partir de xaneiro de 2004, serían completamente ilegais polo vencemento do prazo improrrogable do contrato.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Cumprir a lei. Interromper, de inmediato, calquera tipo de servizo prestado ao Concello por calquera empresa en base a un contrato xa sen vixencia e sen posibilidade de prórroga.
2. Censurar a actuación política da Alcaldía e do Grupo de Goberno do Concello de Teo por ter permitido estas manifestas ilegalidades
3. Cubrir os servizos municipais que sexan precisos no futuro mediante unha convocatoria pública, en libre competencia entre todas as empresas capacitadas e con vontade de facelo, nun proceso transparente e con garantías,

En Teo, a 15 de xullo de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO